

**PLANIFICACIÓN DO ENSINO**

***Estrutura do programa formativo: denominación do módulo, materias, contido en créditos ETCS e carácter da materia***

Dende unha perspectiva temporal o Mestrado estrutúrase en dos cuatrimestres. O nº de créditos do mestrado é de 60 créditos: 22,5 obrigatorios, 13,5 optativos, 12 de Prácticas externas e 12 de Tráballo fin de mestrado. As materias organizanse por módulos, contando cada un deles dunha materia obrigatoria. Esta planificación queda reflectida no seguinte cadro resumen:

*Estrutura do programa formativo:*

<b>Módulos</b>	<b>Materias</b>	<b>Créditos</b>	<b>Cuadri mestre</b>	<b>Carácter</b>	<b>Coordinación materia</b>
DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO E COMPENSACIÓN DAS DESIGUALDADES	Desenvolvemento Comunitario	4,5	1º	Op.	Celsa Perdiz
	Compensación das desigualdades na educación	4,5	1º	Ob.	Pino Díaz Anxo Fernández
PROCESOS FORMATIVOS EN PERSOAS ADULTAS	Educación de Adultos	4,5	1º	Ob.	Carmen Ricoy
	Calidade de vida para as persoas maiores	4,5	1º	Op.	Javier García
XÉNERO E EDUCACIÓN	Da inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza	4,5	1º	Op.	María Lameiras
	Xénero e Educación	4,5	1º	Ob.	Ángeles Fernández Villarino
MULTICULTURALISMO E EDUCACIÓN	Interculturalismo no entorno socioeducativo	4,5	1º	Op.	Pedro Fdez. Bello
	Multiculturalismo en contextos escolares	4,5	1º	Ob.	Pino Díaz Manuel Glez. Piñeiro
	Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida	4,5	1º	Op.	Isabel Mociño González
NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS	Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas	4,5	2º	Op.	Mar García
	Calidade de Vida das persoas con discapacidades	4,5	2º	Op.	Pino Díaz Aurora Martínez
	Medidas de atención a diversidade en persoas con altas capacidades	4,5	2º	Ob.	Antonio González
PRÁCTICAS EXTERNAS TRÁBALLO FIN DE MESTRADO	Practicum	12	2º	Ob.	José Mª Failde Dolores Dapía
	TFM	12	2º	Ob.	Pino Díaz



**INFORMACIÓN PÚBLICA**  
**Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade**  
**en Contextos Educativos**  
**Universidade de Vigo**



Facultade  
Ciencias da Educación  
Campus de Ourense

### *Distribución temporal do programa formativo*

<b>1<sup>er</sup> CUATRIMESTRE</b>	<b>2<sup>o</sup> CUATRIMESTRE</b>
<ul style="list-style-type: none"><li>- Desenvolvemento Comunitario</li><li>- Compensación das desigualdades na educación</li><li>- Da inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza</li><li>- Xénero e Educación</li><li>- Interculturalismo no entorno socioeducativo</li><li>- Multiculturalismo en contextos escolares</li><li>- Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida</li><li>- Educación de Adultos</li><li>- Calidade de vida para as persoas maiores</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas</li><li>- Calidade de Vida das persoas con discapacidades</li><li>- Medidas de atención a diversidade en persoas con altas capacidades</li><li>- Practicum</li><li>- Traballo Fin de Mestrado</li></ul>

### *Horarios*

Horario de clases:

Xoves e venres de 16 a 20 horas. Titorías na aula de 20 a 21,45 horas

Sábado de 10 a 14 horas.

Cada materia optativa ten unha duración de 6 sesións, que se levan a cabo durante dúas semáns consecutivas, agás o Traballo Fin Mestrado e as Prácticas Externas Curriculares.

### **Coordinación de materias:**

- Celsa Perdiz Álvarez: Desenvolvemento Comunitario
- Pino Díaz e Anxo Fernández: Compensación das desigualdades na educación
- Carmen Ricoy: Educación de Adultos
- Javier García Núñez: Calidade de vida para as persoas maiores
- María Lameiras: Da inxustiza da desigualdade á riqueza da diferenza
- Ángeles Fernández Villarino: Xénero e Educación
- Pedro Fdez. Bello: Interculturalismo no entorno socioeducativo
- Pino Díaz e Manuel Glez. Piñeiro: Multiculturalismo en contextos escolares
- Isabel Mociño González: Ensino e aprendizaxe da/s lingua/s da sociedade de acollida
- Mar García Señorán: Medidas de atención á diversidade para alumnos/as con necesidades educativas
- Pino Díaz e Aurora Martínez Vidal: Calidade de Vida das persoas con discapacidades
- Pino Díaz Pereira: Medidas de atención a diversidade en persoas con altas capacidades
- José M<sup>a</sup> Failde e Dolores Dapía: Practicum
- Pino Díaz Pereira: Traballo Fin de Mestrado

### *Infraestruturas*

O Mestrado conta coa infraestrutura da Facultade de Ciencias da Educación.

Especificamente usa un aula de referencia, que pode variar cada ano, segundo as necesidades do centro.



## INFORMACIÓN PÚBLICA

### Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade en Contextos Educativos

#### Universidade de Vigo



Facultade  
Ciencias da Educación  
Campus de Ourense

Ademais ten á súa disposición, sempre que sexa demandada, un aula informática e calquera outra aula especializada ou laboratorio docente.

Os estudantes tamén se benefician da sala de estudo e de traballo en grupo da Facultade, así como das instalacións culturais e deportivas do Campus.

No caso do Practicum, están a disposición do Mestrado diferentes instalacións das institucións e servizos no que se realizan as prácticas externas.

As táboas seguintes representan, a modo de síntese, algúns dos espazos e infraestruturas dispoñibles na Facultade para ser utilizados na impartición do Mestrado:

### **Guías docentes/Programación docente e sistema de avaliación**

A guía docente de cada materia, que se fará pública antes do período de matriculación de cada curso, incluírá a definición dos resultados de aprendizaxe, ademais das competencias da titulación, así como os métodos de avaliación e os criterios concretos ponderados. Para comezar coa implantación do primeiro curso, o profesorado será convocado a unha sesión formativa para elaborar a guía docente dun xeito coordinado.

Nas Guías contempláranse, ademais, os procedementos de traballo e avaliación para alumnos que xustifiquen a imposibilidade de asistir de forma regular. Aínda que o Mestrado ofrece ensino presencial, garantírase a igualdade de oportunidades ante os procesos de avaliación, ofrecendo titorización individualizada ou en grupos a alumnado que por razóns de traballo, necesidades especiais, enfermidade, conciliación de vida familiar e laboral, ou por algunha outra razón non poida participar do ensino nos horarios establecidos para todo o grupo.

En canto ao idioma de impartición da docencia, o profesorado utilizará o castelán ou o galego de acordo coa súa opción preferente. No caso do portugués, e co obxectivo de promover o coñecemento, polo menos de forma oral, dunha lingua afín, e favorecer un diálogo fluído co alumnado procedente de Portugal, cada vez en maior número, utilizarase este idioma cando sexa posible, en clases impartidas por profesorado participante en programas de intercambio entre Universidades, e a través de colaboracións periódicas de investigadores integrados nos nosos departamentos (hai máis de 20 teses en proceso de realización por alumnado de Portugal e Brasil, con visitas periódicas á nosa Facultade, ata o punto de ter representantes na Xunta de Centro, na Xunta de Titulación e nalgún Consello de Departamento).

As Guías Docentes do Mestrado atópanse na plataforma de DocNet da Universidade:

As Guías inclúen as materias obrigatorias de Practicum e Traballo Fin de Mestrado. A través da web, avisos por correo electrónico e da plataforma Faitic iránse comunicando datas de presentación, constitución de tribunais, etc.

En Faitic tamén se atopan todos os impresos necesarios para o desenvolvemento do Practicum e TFM.

### **Sistemas de avaliación**

- O Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro (BOE N°-224, do 18 de setembro de 2003), establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e con validez en todo o territorio Español. Este real decreto ten por obxecto establecer o crédito europeo



**INFORMACIÓN PÚBLICA**  
**Mestrado en Intervención Multidisciplinar na Diversidade**  
**en Contextos Educativos**  
**Universidade de Vigo**



Facultade  
Ciencias da Educación  
Campus de Ourense

como unidade de medida do haber académico nas ensinanzas universitarias de carácter oficial, así como o sistema de cualificacións dos resultados académicos obtidos polos estudantes nestas ensinanzas. Pode consultarse dito decreto na seguinte dirección:

<http://www.boe.es/boe/dias/2003/09/18/pdfs/A34355-34356.pdf>

O sistema de avaliación en cada materia pode consultarse na correspondente guía docente. Para cada materia, as guías docentes ofrecen o sistema de avaliación correspondente.

### ***Traballo Fin de Mestrado e Prácticas Externas***

Na web do Mestrado existe unha información específica para estas materias: formato dos informes, sistema de avaliación, datas de presentación e defensa, impresos requeridos, etc.